



AXUDAS

# Programa de formación dual para persoas con discapacidade intelectual nos centros especiais de emprego (CEE)

Convocatoria plurianual (2023 - 2026)

## CONTIDO

Normas xerais e convocatoria.....	3
a. Normativa reguladora.....	3
b. Finalidade.....	3
c. Entidades beneficiarias.....	3
d. Persoas destinatarias finais.....	3
e. Solicitudes e prazos.....	3
f. Incompatibilidades.....	4
g. Custos Subvencionables.....	4
h. Contías.....	4
i. Tramitación e resolución.....	4
j. Pagamento anticipado .....	4
k. Período Subvencionable .....	4
l. Xustificación .....	4
m. Financiamento.....	4

### IMPORTANTE:

**A información que se ofrece neste documento é un resumo que non substitúe a orde de bases reguladoras.**

Antes de presentar a solicitude de subvención debe consultar a orde na súa versión íntegra.

## NORMAS XERAIS E CONVOCATORIA

## NORMATIVA REGULADORA

Orde do 20 de outubro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras de axudas para a realización do **Programa de formación dual para persoas con discapacidade intelectual nos centros especiais de emprego (CEE)** e se procede á súa convocatoria plurianual (2023 a 2026) (código de procedemento TR341X).

## FINALIDADE

**Capacitar persoas con discapacidade intelectual** para mellorar a súa inserción profesional, a través de proxectos de formación adaptados, que alternen entre o emprego e a formación e que habiliten a obtención de certificados de profesionalidade.

## ENTIDADES BENEFICIARIAS

Esta convocatoria diríxese aos centros especiais de emprego que, na data da solicitude da subvención, figuren inscritos como tales no Rexistro Administrativo de Centros Especiais de Emprego de Galicia, de acordo co disposto no Decreto 200/2005, do 7 de xullo.

## Requisitos:

- Estar cualificados sen ánimo de lucro conforme ao disposto no Decreto 200/2005, do 7 de xullo.
- Contar cun mínimo de 10 persoas traballadoras, das cales como mínimo o 30 % deben ter discapacidade intelectual.
- Ter solicitado o inicio da actividade formativa para a impartición da formación profesional dual, mediante a contratación por conta allea de persoas con discapacidade intelectual desempregadas, na modalidade de contrato para a formación en alternancia.

## PERSOAS DESTINATARIAS FINAIS

Serán destinatarias finais destas axudas:

- a) Aquelas persoas desempregadas, inscritas como demandantes de emprego no momento do inicio da actividade, cunha discapacidade intelectual recoñecida e sen a cualificación profesional requirida e recoñecida polo Sistema de formación profesional para o emprego ou polo Sistema educativo, para concertar un contrato formativo para a práctica profesional adecuada ó nivel de estudos para o posto de traballo ou emprego obxecto do contrato.
- b) As persoas traballadoras con discapacidade que non ocupen postos vacantes como consecuencia de despidos declarados ou recoñecidos coma improcedentes.
- c) As persoas que non sexan usuarias dunha praza pública de servizo ocupacional a xornada completa.

## SOLICITUDES E PRAZOS

Presentarase unha solicitude por cada proxecto de formación dual, cun máximo de dous proxectos, os cales deberán estar orientados á obtención de diferentes certificados de profesionalidade, por cada Centro Especial de Emprego.

Para presentar as solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365, <https://sede.xunta.gal/chave365>.

## PRAZO DE PRESENTACIÓN

O prazo de presentación de solicitudes comezará a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no DOG e finalizará nun mes a partir do día seguinte ao de publicación da Orde no DOG.

### INCOMPATIBILIDADES

---

Estes programas son incompatibles coas axudas de fomento do emprego, particularmente as axudas para o fomento da integración laboral de persoas con discapacidade en centros especiais de emprego (procedementos TR341E, TR341K, TR341M e TR341N) concedidas pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade para as mesmas persoas e durante e o mesmo período subvencionable.

### CUSTOS SUBVENCIONABLES

---

Presentarase O importe financiará a:

- a) Axuda ao custo salarial das persoas alumnas-traballadoras.
- b) Axuda para o persoal de apoio e acompañamento ás persoas con discapacidade.
- c) Axuda para a actividade formativa.

### CONTÍAS

---

Presentarase

Límites máximos subvencionables :

- Ata o **75 % do salario mínimo interprofesional** vixente, respecto da xornada de traballo efectiva (incluídas dúas pagas extras ao ano) das persoas alumnas-traballadoras.
- Ata **2.400€ anuais** por cada persoa alumna-traballadora efectivamente atendida polo persoal de apoio e acompañamento ás persoas con discapacidade.
- Ata o **50% da xornada laboral** estipulada por convenio colectivo no que respecta á actividade formativa

### TRAMITACIÓN E RESOLUCIÓN

---

O órgano competente para tramitar e resolver as solicitudes é a Secretaría Xeral de Apoio ao Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.

### PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN

Concurrencia competitiva

### PAGAMENTO ANTICIPADO

---

Poderán realizarse pagamentos anticipados, sempre que a entidades beneficiaria o solicite en calquera momento anterior á xustificación.

Para o pagamento anticipado as entidades beneficiarias están eximidas de constituír garantías.

### PERIODO SUBVENCIONABLE

---

Desde **01 de outubro de 2023** ou dende o **díctado na resolución ata o 30 de setembro de 2026** ou **3 anos dende a data na que se iniciou a actividade.**

### XUSTIFICACIÓN

---

As entidades beneficiarias deberán presentar a xustificación para cada anualidade e conforme os prazos da convocatoria, ou se é o caso, da resolución de concesión, mediante a documentación xustificativa detallada na orde.

### DATA MÁXIMA DE XUSTIFICACIÓN

**Anualidade 2023: 10 de febreiro de 2024.**

**Anualidade 2024: 10 de novembro de 2024.**

**Anualidade 2025: 10 de novembro de 2025.**

**Anualidade 2026: 10 de novembro de 2026.**

### FINANCIAMENTO

---

O orzamento total destinado a estes programas de formación dual será de 6.000.000,00 €.



MÁIS INFORMACIÓN  
**CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN  
DO EMPREGO E IGUALDADE**

**SECRETARÍA XERAL DE APOIO AO EMPREGO, TRABALLO  
AUTÓNOMO E ECONOMÍA SOCIAL**

881 999 516 981 545 701

**Xefatura Territorial da Coruña**  
Avda. Salvador de Madariaga, 9  
15071 A Coruña  
981 185 895

**Xefatura Territorial de Ourense**  
Avda. de la Habana, 79  
32071 Ourense  
988 386 401

**Xefatura Territorial de Lugo**  
Rolda da Muralla, 70  
27071 Lugo  
982 294 048

**Xefatura Territorial de Vigo**  
Concepción Arenal, 8  
36201 Vigo  
986 817 009

**empregoeigualdade.xunta.gal**  
economiasocial.emprego@xunta.gal  
integracion.laboral.emprego@xunta.gal

**eusumo.gal**  
info@eusumo.gal